


IV Informe de actividade do Xurado de Expropiación de Galicia (2006-2022)



IV Informe de actividade do Xurado de Expropiación de Galicia (2006-2022)

Autoría

Xurado de Expropiación de Galicia
Rúa Avelino Pousa Antelo, 1-1ª Pl.
15781 - Santiago de Compostela (A Coruña)
<https://xeg.xunta.gal>

Edita

Xunta de Galicia. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
Xurado de Expropiación de Galicia

Lugar

Santiago de Compostela

Año

2023

Diseño e maquetación

WINDSOCK
www.windsock.es

Depósito legal versión impresa

C 1419-2023

Índice

Presentación — 6

Natureza do Xurado — 8

Órgano colexiado Xurado de Expropiación de Galicia — 10

Administracións expropiantes invitadas aos plenos — 13

Como se tramitan os expedientes — 15

Difusión da información — 17

As cifras máis relevantes da xestión do XEG — 20

1. Número de expedientes recepcionados no XEG — 21
2. Expedientes de prezo xusto segundo o tipo — 23
3. Administracións expropiantes — 27
4. Beneficiarios — 30
5. Expropiados — 35
6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración — 38
7. Contido dos expedientes recibidos no XEG — 44
8. Importes das valoracións — 47
9. Superficies de solo dos expedientes valorados — 64
10. Outras tramitacións do XEG — 69

Aspectos destacables dos anos 2021 e 2022 — 75

Caducidade dos expedientes xestionados — 76

Resumo dos datos — 79

Resumo global de tendencia no ano 2022 — 82

Anexos — 83

Anexo I: Informes de valoracións medias por concellos — 84

Anexo II: Relación de cadros — 93

Anexo III: Relación de gráficos — 95

Anexo IV: Relación de mapas — 98

Anexo V: Relación de normativa — 99



SP
GARCIA S.A.
XURADO
EL CENTRO DE CALIDAD

Presentación



Neste ano 2023 sae á luz un novo “Informe de actividade do Xurado de Expropiación de Galicia”, do periodo 2006-2022, que xunto aos tres exemplares anteriores, conforman unha cuatriloxia que trata de reflectir os datos de actividade e os feitos acaídos deste organismo, desde o seu inicio no ano 2006 ata finais do ano 2022.

Unha vez superadas as dificultades xurdidas en anos anteriores por mor da pandemia provocada polo COVID19, o ritmo de xestión e a actividade cotiá do xurado foi restablecéndose pouco a pouco ata chegar á data actual, na que podemos considerar que o funcionamento deste organismo está xa normalizado.

É importante sinalar que algúns xeitos de traballar mudaron despois da pandemia, como é o réxime de teletraballo instaurado na Administración hai varios anos dun xeito tímido, pero que a día de hoxe está moi xeneralizado, desfrutando del actualmente un bo número de traballadores do Xurado de Expropiación de Galicia (en diante Xurado ou XEG).

Tamén por mor da pandemia, as reunións en seccións de Urbana e de Rústica (principalmente) e en plenos, celebráronse dun xeito telemático con conexións en videoconferencia de gran parte dos vogais externos do XEG, o cal segue a ser habitual na data actual.

En relación aos principais feitos ligados á actividade do XEG, hai que sinalar que durante o ano 2022 se resolveu un concurso

de traslados da administración xeral, o cal fixo que varios funcionarios do XEG fosen reemplazados por outros novos, que se atopan estables actualmente neste organismo.

En canto aos datos de actividade en si, hai unha serie de cambios relevantes relacionados coas tendencias seguidas polos expedientes que se valoran no XEG: en canto a tipo de solo; se son urxentes ou non; tipos de actuacións que se realizaron que deron lugar ás expropiacións; peso das distintas administracións expropiantes etc.

É importante sinalar o grande avance para a xestión que supuxo a implantación da administración electrónica en todas as súas facetas, tanto á hora de recepcionar os expedientes procedentes das administracións expropiantes (ou dos expropiados, no seu caso) como as diversas notificacións que se realizan desde o XEG aos administrados.

Como sempre, non quero rematar sen agradecer a todas as persoas que fan día a día que este organismo amose uns bos resultados en canto á transparencia, eficacia e eficiencia, facilitando o labor e a información a todas as partes implicadas no proceso expropiatorio, isto é, expropiados, administracións expropiantes e beneficiarios.

Patricia Ulloa Alonso
Presidenta do Xurado de Expropiación de Galicia



Natureza do Xurado

O artigo 11 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que derroga e substitúe a anterior Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), establece a natureza do Xurado de Expropiación de Galicia como órgano colexiado permanente da Comunidade Autónoma de Galicia especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a administración expropiante sexa a Comunidade Autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial, actuando no cumprimento das súas funcións con plena autonomía funcional.

O regulamento que contempla a lei desenvolveuse no Decreto 172/2018, do 20 de decembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización e réxime de funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia.



Órgano colexiado Xurado de Expropiación de Galicia

O Xurado de Expropiación de Galicia, adscrito á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, ten unha dobre vertente: actúa como un órgano administrativo coa súa propia relación de postos de traballo dentro da propia consellería e, por outra banda, confórmase como un órgano colexiado coa súa propia relación de compoñentes, na que os vogais externos son nomeados cada 4 anos.

Como órgano administrativo a “Resolución do 11 de abril do 2022 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade” é a que establece os postos de traballo do XEG na súa vertente administrativa. Recentemente foi modificada pola “Resolución do 12 de maio de 2023 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de maio de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade”

En canto ao Pleno, foi precisamente en agosto de 2022 cando se anovaron gran parte dos compoñentes del, dado que o mandado para os que estaban nomeados caducaba nesas datas, xa que o anterior nomeamento era do ano 2018, polo que as distintas organizacións propuxeron os seus vogais, e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade aprobounos mediante a Orde do 2 de agosto de 2022 pola que se nomean vogais do Xurado de Expropiación de Galicia, quedando a composición do Pleno actualizada, tal e como pode observarse no seguinte cadro:

Órgano colegiado Xurado de Expropiación de Galicia

REPRESENTACIÓN	CARGO	NOME
XEG	Presidenta	Patricia Ulloa Alonso
	Secretaria	Xulia Rodríguez Blanco
	Asesora Xurídica	M.ª Pilar Nieto Tejerina
	Vogal poñente	Carlos Calzadilla Bouzón
	Vogal poñente	Mercedes Aymerich Valladares
	Vogal poñente	José Ángel Burgo Rodil
Consellería de Facenda	Vogal titular	Xan Xosé Castro Dapena
	Vogal suplente	Jorge Fernández Fernández
Federación Galega de Municipios e provincias	Vogal titular	César López Arribas
	Vogal suplente	Miguel Fernández Solís
Consello Galego de Consumidores e Usuarios	Vogal titular	Rosa Rodríguez Vales-Villamarín
	Vogal suplente	Yolanda Pérez Rivera
Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia	Vogal titular	José Antonio Rivas Paz
	Vogal suplente	Rogelio Villar Gantes
Colexio Oficial de Enxeñeiros Camiños, Canles e Portos de Galicia	Vogal titular	Francisco Alonso Fernández
	Vogal suplente	Juan José Vázquez Cerredá
Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes de Galicia	Vogal titular	Rosalía Castro Ríos
	Vogal suplente	Juan Carlos Llamazares Díaz
Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas de Galicia do Noroeste de España	Vogal titular	Pedro Unzueta Martínez
	Vogal suplente	Enrique García Tamargo
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia	Vogal titular	Eva María Filgueira García
	Vogal suplente	Patricia López González
Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia	Vogal titular	Manuel Aurelio Colmenero Guzmán
	Vogal suplente	Rocío Lourenco Presa
Colexio de Economistas pertencentes ao Consello Galego de Colexios de Economistas	Vogal titular	Carlos Díaz Pérez
	Vogal suplente	Manuel Ángel Ansede Sánchez
Colexio Notarial de Galicia	Vogal titular	Manuel Remuñán López
	Vogal suplente	María del Carmen Carreira Simón

As sesións do Pleno do XEG celebráanse unha vez ao mes e as das seccións (de carácter técnico) teñen frecuencia semanal.

A especialización e a permanencia do Xurado de Expropiación de Galicia son dúas das características máis importantes deste órgano.



Administracións expropiantes invitadas aos plenos

Segundo o artigo 10 do regulamento interno do xurado, Decreto 172/2018, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e réxime de funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia, unha persoa representante da administración expropiante poderá asistir ás sesións do xurado, nas que actuará con voz e sen voto. A persoa representante deberá ter a condición de empregada ou cargo público e será designada pola administración correspondente.

Durante os anos 2021 e 2022 foron invitadas a participar nos plenos todas as administracións que remitiron algún expediente ao xurado para a súa valoración, tendo asistido as seguintes:

Administracións expropiantes invitadas aos plenos

ADMINISTRACIÓN EXPROPIANTE	ASISTENCIA PLENOS ANO 2021 (Nº)	ASISTENCIA PLENOS ANO 2022 (Nº)
Concello da Coruña	1	-
Concello da Estrada	-	1
Concello da Laracha	2	1
Concello de Arteixo	-	3
Concello de Carballo	1	-
Concello de Cerdedo-Cotobade	-	2
Concello de Culleredo	1	-
Concello de Lugo	-	1
Concello de Melide	-	1
Concello de Miño	-	1
Concello de Monforte de Lemos	1	-
Concello do Grove	1	-
Concello de Oleiros	2	1
Concello de Ordes	-	1
Concello de Ourense	1	1
Concello de Outeiro de Rei	-	1
Concello de Poio	-	1
Concello de Pontevedra	1	1
Concello de Quiroga	-	1
Concello de Salvaterra de Miño	2	1
Concello de Valdoviño	-	1
Concello de Vigo	-	2
Consellería de Facenda e Administración Pública	1	-
Consellería de Política Social e Xuventude	1	-
Consellería de Sanidade	2	-
Deputación de Lugo	-	1
Deputación de Pontevedra	1	1
Instituto Galego de Vivenda e Solo	4	3
VII2 e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	-	1
TOTAL	22	27

Como se tramitan os expedientes

Os expedientes ou pezas separadas que se reciben no Xurado de Expropiación de Galicia proceden principalmente das administracións expropiantes, que son as que inician os expedientes expropiatorios, e son os casos nos que non hai acordo no importe da expropiación cos expropiados, cando remiten os expedientes ao Xurado para que este determine o prezo xusto das propiedades (bens e dereitos) obxecto de expropiación.

Outra vía de recepción de expedientes é directamente a través dos expropiados, nos chamados ministerios de lei, os cales solicitan que se lles expropie en determinados casos nos que a administración expropiante non inicia o procedemento expropiatorio. Esta é unha posibilidade que ten o propietario duns predios que como consecuencia dun plan urbanístico, quedan sen aproveitamento. Mediante a expropiación por ministerio da lei, outórgaselles a estes propietarios a facultade de instar a Administración para que os expropie, o que impide que os seus dereitos de propiedade queden baleiros de contido económico.

Unha vez que os expedientes se recepcionan neste organismo, a continuación son estudados desde un punto de vista técnico nas “seccións” do Xurado, para a posteriormente pasar aos plenos onde serán aprobados pola maioría do órgano colexiado.

Outro tipo de expedientes que recibimos no XEG son os recursos de reposición contra as resolucións do Pleno do Xurado, os cales poden ser presentados por calquera das partes implicadas no procedemento.


Por último calquera das partes poden presentar un recurso contencioso-administrativo, contra as resolucións do XEG, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG).



FARO DE FINISTERRE


Difusión da información

O Xurado de Expropiación de Galicia conta cunha páxina web que é un portal dentro da páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.



A ligazón para acceder á páxina é a seguinte:

<https://xeg.xunta.gal/>



Aquí, ademais de amosarse toda a información dispoñible acerca deste organismo e os seus procedementos, publícanse distintos informes, entre outros:

- Os informes de actividade do xurado en distintos anos e series históricas.
- Os informes de prezos medios de solo (en urbano e rústica) por concello. En solo urbano son prezos medios e en solo de natureza rústica son prezos mínimos e máximos.

Nesta páxina web, calquera administrado pode presentar a súa suxestión, queixa ou dúbida, que será respondida nun breve espazo de tempo por persoal cualificado do XEG.



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

Seguindo co esquema de informes de actividade de anos anteriores, os datos expóñense do xeito seguinte:

1. Consígnase os datos dos anos 2021 e 2022, actualizando así o último informe publicado, o "III Informe de actividade do Xurado de Expropiación de Galicia 2006-2020".
2. Actualízase a serie histórica completa 2006-2022, desde o inicio da actividade do xurado, e que se corresponde coa totalidade da actividade deste organismo.

A estrutura das epígrafes é a mesma que a dos informes de actividade anteriores:

- Número de expedientes recepcionados no XEG
- Expedientes de prezo xusto segundo tipo
- Administracións expropiantes
- Beneficiarios
- Expropiados
- Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración
- Contido dos expedientes recibidos no XEG
- Importe das valoracións
 - Importe segundo as partes interesadas
 - Intervalos de valoracións
 - Importe segundo o tipo de proxecto
 - Importes medios de valoración por concellos
- Superficies do solo dos expedientes valorados
- Caso concreto das superficies forestais
- Outras tramitacións do XEG
 - Recursos de reposición
 - Remisión de documentación ao TSXG

1. Número de expedientes recepcionados no XEG

Nos cadros e gráficos seguintes, podemos observar a distribución cuantitativa dos expedientes que tiveron entrada no XEG, así como os que xa foron tramitados por este órgano tanto a través dunha resolución de prezo xusto coma doutra forma de finalización.

As administracións expropiantes, cando inician unha expropiación, tramitan un proxecto expropiatorio, que pode adoptar diferentes tipoloxías dependendo dos prazos, das localizacións xeográficas e doutras variables, e que recolle un ou varios expedientes de expropiación, nos que se reflicten os bens e os dereitos que van ser obxecto desta.

Durante os anos 2021 e 2022, recibíronse no XEG 1.712 e 1.018 expedientes respectivamente, coa distribución que se reflicte no cadro e gráfico seguintes.

CADRO nº 1: Entrada expedientes para valorar polo XEG. Anos 2021-2022

ANO	ENTRADA EXPEDIENTES PARA VALORAR (nº)
2021	1.712
2022	1.018
TOTAL	2.730

GRÁFICO nº 1: Entrada expedientes para valorar polo XEG. Anos 2019-2020



Se nos remitimos á serie histórica do período 2006-2022, podemos sinalar que, desde a posta en funcionamento do xurado, o día 14 de febreiro de 2006, ata o 31 de decembro de 2022 entraron para a súa valoración 55.116 expedientes, que forman parte de 2.197 proxectos expropiatorios.


CADRO nº 2: Entrada expedientes para valorar polo XEG e expedientes tramitados. Serie histórica 2006-2022

ANO	ENTRADA EXPEDIENTES PARA VALORAR (nº)	EXPEDIENTES TRAMITADOS (nº)
2006	10.279	1.792
2007	4.809	8.201
2008	5.155	4.688
2009	7.295	3.777
2010	5.922	5.135
2011	4.261	5.301
2012	3.350	5.562
2013	1.695	5.709
2014	1.730	2.643
2015	1.428	2.283
2016	1.082	1.509
2017	909	1.156
2018	1.221	1.120
2019	1.454	1.122
2020	1.796	1.714
2021	1.712	1.997
2022	1.018	1.159
TOTAL	55.116	54.877

As cifras máis relevantes da xestión do XEG


1. Número de expedientes recibidos no XEG

GRÁFICO nº2a: Entrada expedientes para valorar polo XEG e expedientes tramitados. Serie histórica 2006-2022



Dun xeito inicial apréciase unha tendencia descendente na entrada de expedientes desde o comezo de funcionamento do XEG ata o ano 2017, mentres que nos últimos anos 2018, 2019, 2020 e 2021 a entrada de expedientes volve conformar unha liña ascendente, que volve a descender lixeiramente no 2022.

GRÁFICO nº2b: Promedio entrada expedientes para valorar polo XEG. Serie histórica 2006-2022



Como xa se comentou, ao comezo da actividade do XEG ata o ano 2022 entraron para a súa valoración 55.116 expedientes (a media é de 3.242 expedientes/ano) e 2.197 proxectos de expropiación (a media é de 25,08 de expedientes/proxecto).

2.197 proxectos

Media de 25,08 expedientes por proxecto

Consolidase o peso dos proxectos relativos á “Plataforma loxística-industrial de Salvaterra de Miño e As neves”, sumando 7.032 expedientes (pezas separadas), o que segue a constituir a actuación de maior número de expedientes ou pezas separadas do XEG, xa que supón o 12,75 % do total de expedientes que entraron neste organismo entre os anos 2006 e 2022.

2. Expedientes de prezo xusto segundo o tipo

O obxectivo dos expedientes de valoración que teñen entrada no xurado é acadar un prezo xusto por parte deste organismo, aínda que non sempre son expedientes resultado dun desacordo nun procedemento expropiatorio, pois poden existir outro tipo de situacións que den lugar a ter que determinar un prezo xusto sen que medie un procedemento expropiatorio.

Esta situación fai que os expedientes poidan clasificarse dentro das seguintes categorías:

- 1. Expedientes de prezo xusto:** cando se tramita un expediente de expropiación e non hai acordo no prezo que se debe abonar entre as partes implicadas, expropiante e expropiado, envíase o expediente ao Xurado de Expropiación de Galicia para que determine un prezo xusto para ese expediente. As modalidades destes expedientes son as que seguen:
 - Ordinarios
 - Urxentes
 - De taxación conxunta
 - De ocupación temporal
 - Ministerios de lei
 - Retaxación
- 2. Expedientes de reversión:** a reversión é o dereito que lle corresponde ao expropiado de recobrar a totalidade ou a parte sobrante do ben expropiado, no caso de non executarse a actuación ou de non establecerse o servizo que motivou a expropiación, así como se desaparece a afectación, co que se abonaría unha indemnización.
- 3. Expedientes de compensación:** estes son sistemas de actuación para a execución urbanística dun sector, polígono, unidade de execución ou de actuación de transformación urbanística, polo que os propietarios achegan os bens de entrega ou cesión obrigatoria e gratuíta, realizan á súa custa a urbanización nos termos e condicións que se determinen no plan urbanístico e constitúense en “xunta de compensación”, salvo que os bens pertencen a un titular. No Xurado de Expropiación de Galicia, son obxecto de valoración os distintos bens e servizos para os que non se chegue a un acordo coa administración expropiante.
- 4. Expedientes de execución de sentenza:** trátase de expedientes que se valoran de acordo coa execución dunha sentenza xudicial, que se corresponden principalmente con sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, aínda que poden ser doutras instancias xudiciais.

As cifras máis relevantes da xestión do XEG

2. Expedientes de prezo xusto segundo o tipo

Os expedientes máis numerosos que se reciben no XEG son os de prezo xusto propiamente ditos, que representan un 100 % no ano 2022 e, dentro destes, a modalidade de urxentes, que supoñen un 85 % con respecto ao total destes, tal e como reflicte o cadro n.º 3 que se amosa a continuación.

CADRO n.º 3: Expedientes de valoración segundo tipos ou categorías. Anos 2021-2022

TIPO DE EXPEDIENTE VALORACIÓN	RECIBIDOS (nº)		TRAMITADOS (nº)	
	2021	2022	2021	2022
De prezo xusto	1.707	1.018	1.506	1.159
Ordinarios	17	29	17	23
Urxentes	1.642	869	1.422	1.010
Taxación conxunta	39	110	58	115
Ocupación temporal	0	0	1	0
Ministerio da lei	9	10	8	11
Retaxación	0	0	0	0
De reversión	0	0	0	0
De compensación	0	0	0	0
De execución de sentenza	5	0	491	0
TOTAL	1.712	1.018	1.997	1.159

Hai que sinalar que os expedientes na modalidade de urxentes están diminuíndo con respecto a anos anteriores, supoñendo un 96 % no ano 2021 e un 85 % no ano 2022. Pola contra neste ano 2022 increméntanse os expedientes de taxación conxunta (110 no 2022 fronte a 39 no 2021).

Para a súa mellor comprensión visual móstranse os dous seguintes gráficos:

GRÁFICO n.º 3: Expedientes de valoración segundo tipos ou categorías. Ano 2021





GRÁFICO n.º 4: Expedientes de valoración segundo tipos ou categorías. Ano 2022



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

2. Expedientes de prezo xusto segundo o tipo

E desagregando os expedientes de prezo xusto propiamente ditos nas súas categorías:

GRÁFICO nº5: Expedientes de valoración de prezo xusto segundo tipos ou categorías. Ano 2021




GRÁFICO nº6: Expedientes de valoración de prezo xusto segundo tipos ou categorías. Ano 2022



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

2. Expedientes de prezo xusto segundo o tipo

Do mesmo xeito, pódese afirmar que, na serie histórica 2006-2022, os expedientes máis numerosos son os de prezo xusto propiamente ditos, que representan un 98,68% do total e dentro destes, a modalidade de urxentes cun 76,84% con respecto ao total, tal e como reflicte o cadro n.º 4 que se mostra deseguido:

CADRO n.º 4: Expedientes de valoración segundo tipos ou categorías. Serie histórica 2006-2022

TIPO DE EXPEDIENTE DE VALORACIÓN	RECIBIDOS (Nº)	TRAMITADOS (Nº)
De prezo xusto	54.389	54.153
Ordinarios	2.461	2.456
Urxentes	41.794	41.563
Taxación conxunta	9.998	9.996
Ocupación temporal	21	21
Ministerio de lei	63	65
Retaxación	52	52
De reversión	119	119
De compensación	26	23
De execución de sentenza	582	582
TOTAL	55.116	54.877

GRÁFICO n.º 7: Expedientes de valoración segundo tipos ou categorías. Serie histórica 2006-2022





GRÁFICO n.º 8: Expedientes de valoración prezo xusto segundo tipos ou categorías. Serie histórica 2006-2020



3. Administracións expropiantes

As administracións expropiantes que interveñen nos procedementos expropiatorios dos que se non hai acordo no prezo o Xurado de Expropiación de Galicia actúa para determinar un prezo xusto, son a propia Comunidade Autónoma de Galicia a través da Xunta de Galicia e as entidades locais do seu ámbito territorial.

Para o ano 2022, as cifras de remisión de expedientes para a súa valoración amosan que, nun 66,11 % dos expedientes, a administración expropiante foi a Xunta de Galicia e, nun 33,89 %, as corporacións locais. Sinalar que estas porcentaxes no ano 2021 foron dun 86,97 % e un 13,03 %, polo que pode afirmarse un incremento do peso das administracións locais no ano 2022 con respecto ao 2021.

CADRO nº5: Entrada de expedientes de valoración segundo o expropiante no XEG. Anos 2021-2022

	ENTRADA EXPEDIENTES DE VALORACIÓN		PORCENTAXE	
	2021	2022	2021	2022
Xunta de Galicia	1.489	673	86,97 %	66,11 %
Administracións locais	223	345	13,03 %	33,89 %
TOTAL	1.712	1.018	100,00 %	100,00 %

GRÁFICO nº9: Entrada de expedientes de valoración segundo o expropiante no XEG. Ano 2022




Se analizamos a continuación a serie histórica 2006-2022, vemos que o peso da Xunta de Galicia como administración expropiante é dun 84,168 %, mentres que o das corporacións locais é do 15,832 % (a serie histórica 2006-2021 arroxa cifras dun 84,55 % e un 15,45 % respectivamente). Isto é que as corporacións locais, actuando como administracións expropiantes, incrementan lixeiramente a porcentaxe, mentres que a Xunta de Galicia o diminúe.

CADRO nº6: Entrada de expedientes de valoración segundo o expropiante no XEG. Serie histórica 2006-2022

	ENTRADA EXPEDIENTES DE VALORACIÓN 2006-2022	PORCENTAXE
Xunta de Galicia	46.390	84,168 %
Administracións locais	8.726	15,832 %
TOTAL	55.116	100,00 %

GRÁFICO nº10: Entrada de expedientes de valoración segundo o expropiante no XEG. Serie histórica 2006-2022



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

3. Administracións expropiantes

Se ampliamos en máis detalle os nomes das administracións expropiantes para os anos 2021 e 2022, reflíctense os seguintes datos:


CADRO nº7: Entrada de expedientes de valoración detallada segundo o expropiante no XEG. Anos 2021-2022

	ENTRADA EXPEDIENTES DE VALORACIÓN		PORCENTAXE	
	2021	2022	2021	2022
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (e asimilados)	443	389	25,88 %	38,21 %
Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación	1.037	283	60,57 %	27,80 %
Outras consellerías	9	1	0,52 %	0,10 %
Deputación Provincial da Coruña	139	212	8,11 %	20,83 %
Deputación Provincial de Lugo	0	1	0,00 %	0,10 %
Deputación Provincial de Ourense	2	54	0,12 %	5,30 %
Deputación Provincial de Pontevedra	2	3	0,11 %	0,29 %
Concellos	80	75	4,67 %	7,37 %
TOTAL	1.712	1.018	100,00 %	100,00 %

Hai que destacar o gran incremento de expedientes procedentes da Deputación Provincial da Coruña, que aumentaron a súa porcentaxe en 12 puntos do ano 2021 ao 2022 (do 8,11 ao 20,83).

Se desagregamos polo miúdo os nomes das administracións expropiantes para o ano 2022, podemos obsevar os seguintes datos:

GRÁFICO nº 11: Entrada de expedientes de valoración detallada segundo o expropiante no XEG. Ano 2022



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

3. Administracións expropiantes


Neste ano 2022 a entrada de expedientes da Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación diminúe moito sendo éstos 283 (un 27 % do total) fronte aos 1.037 do ano 2021. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade aporta ao ano 2022, 389 expedientes que supuxeron un 38,21 % do total da entrada de expedientes.

De forma xeral e por orde de importancia podemos subliñar que os expropiantes máis relevantes son a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, seguida da Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación, e a Deputación Provincial da Coruña dentro das administracións locais. Do mesmo xeito, e para a serie histórica 2006-2022, estes son os datos:

CADRO nº8: Entrada de expedientes de valoración detallada segundo o expropiante no XEG. Serie histórica 2006-2022

	ENTRADA EXPEDIENTES DE VALORACIÓN	PORCENTAXE
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (e asimilados)	34.957	63,42 %
Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación	10.607	19,24 %
Outras consellerías	823	1,49 %
Deputación Provincial da Coruña	3.142	5,70 %
Deputación Provincial de Lugo	2.027	3,68 %
Deputación Provincial de Ourense	498	0,90 %
Deputación Provincial de Pontevedra	223	0,40 %
Concellos	2.839	5,15 %
TOTAL	55.116	100,00 %

GRÁFICO nº12: Entrada de expedientes de valoración detallada segundo o expropiante no XEG. Serie histórica 2006-2022



Dos datos anteriores, despréndese o incremento do peso da Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación como entidade expropiante ata o ano 2021, diminuíndo notablemente no 2022. Hai un incremento sostido das corporacións locais, de entre as que destaca a Deputación Provincial da Coruña.

4. Beneficiarios

Os beneficiarios son unha parte interesada das tres que poden intervir nun procedemento expropiatorio, xunto coa administración expropiante e o expropiado. A figura do beneficiario nas expropiacións non sempre existe, xa que na maior parte das ocasións o beneficiario é a mesma administración expropiante. A excepción pode considerarse a Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación na que no 99 % dos casos actúa a través de empresas beneficiarias (principalmente as do grupo Unión Fenosa)

Amosamos neste apartado un resumo dos beneficiarios que aparecen con máis frecuencia nos expedientes expropiatorios, nos que o Xurado de Expropiación de Galicia intervén para determinar un prezo xusto. Reflectimos no seguinte cadro e nos gráficos os datos correspondentes.

As cifras máis relevantes da xestión do XEG

4. Beneficiarios


CADRO nº9: Entrada de expedientes de valoración segundos expropiantes e beneficiarios relacionados no XEG. Serie histórica 2006-2022

EXPROPIANTE	BENEFICIARIOS	ENTRADA EXPEDIENTES VALORACIÓN
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (e asimilados)		34.956
	Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	21.574
	Autoridade portuaria de Vigo, Zona Franca e outro	6.549
	Concesionarias de estradas	3.994
	Entidades empresariais (Augas de Galicia, Sogama, SPI...)	1.256
	Xestur	1.237
	IGVS	313
	Outros	33
Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación		10.642
	Fenosa (Naturgy e outros)	6.372
	Begasa	565
	E-On	431
	Gamesa	391
	Endesa	311
	Outras	2.572
Outras		824
	Consellería de Cultura e Deporte, Política social...	67
	Autoridade portuaria de Vigo, Zona Franca e outro	484
	Retegal	4
	Universidade de A Coruña	2
	Sergas	264
	Portos de Galicia	2
Deputacións provinciais		5.890
	Deputación Provincial da Coruña	3.142
	Deputación Provincial de Lugo	2.021
	Deputación Provincial de Ourense	494
	Deputación Provincial de Pontevedra	223
	Concellos	10
Concellos		2.804
	Concellos	1.985
	Outros (entidades públicas, promotoras, personas físicas...)	697
	Xuntas de compensación	113
	Comunidades de propietarios	9
TOTAL		55.116

As cifras máis relevantes da xestión do XEG

4. Beneficiarios


GRÁFICO nº 13: Entrada de expedientes de valoración no XEG segundo o beneficiario cando o expropiante foi a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Serie histórica 2006-2022



- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
- Autoridade portuaria de Vigo, Zona Franca e outro
- Concesionarias de estradas
- Entidades empresariais (Augas de Galicia, Sogama, SPI...)
- Xestur
- IGVUS
- Outros

Dos 34.956 expedientes tramitados pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, nun 61,71 % o beneficiario é a propia consellería, nun 18,73 % a Autoridade Portuaria de Vigo-Zona Franca-Outro e, nun 11,42 % dos casos, os beneficiarios son as concesionarias de estradas.

GRÁFICO nº 14: Entrada de expedientes de valoración no XEG segundo o beneficiario cando o expropiante foi a Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación. Serie histórica 2006-2022




- Fenosa (Naturgy e outros)
- Begasa
- E-On
- Gamesa
- Endesa
- Outras

Dos 10.642 expedientes tramitados pola Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación nun 59,87 % o beneficiario é o grupo Unión Fenosa e nun 40,13 % dos casos, os beneficiarios son outras empresas.

As cifras máis relevantes da xestión do XEG

4. Beneficiarios


GRÁFICO nº 15: Entrada expedientes de valoración segundo o beneficiario cando os expropiantes foron outras consellerías. Serie histórica 2006-2022



- Consellería de Cultura e Deporte, Política social...
- Autoridade portuaria de Vigo, Zona Franca e outro
- Retegal
- Universidade de A Coruña
- Sergas
- Portos de Galicia

Dos 824 expedientes tramitados por outras consellerías diferentes das anteriores, nun 58,86 % o beneficiario é a Autoridade Portuaria de Vigo e outros é o Sergas, nun 32,04 %.

GRÁFICO nº 16: Entrada de expedientes de valoración no XEG segundo o beneficiario cando os expropiantes foron as deputacións provinciais. Serie histórica 2006-2022




- Deputación Provincial da Coruña
- Deputación Provincial de Lugo
- Deputación Provincial de Ourense
- Deputación Provincial de Pontevedra
- Concellos

Dos 5.890 expedientes tramitados polas deputacións provinciais, nun 99,83 % dos casos os beneficiarios son as propias deputacións.

As cifras máis relevantes da xestión do XEG

4. Beneficiarios

GRÁFICO nº 17: Entrada de expedientes de valoración no XEG segundo o beneficiario cando os expropiantes foron os concellos. Serie histórica 2006-2022



Dos 2.804 expedientes tramitados polos concellos de Galicia, nun 70,79 % dos casos os beneficiarios son os propios concellos, nun 24,86 % son entidades varias e o resto un 4,35 % son xuntas de compensación e comunidades de propietarios.

5. Expropiados

A terceira figura do procedemento expropiatorio é o expropiado, e este é a persoa ou entidade que se ve privada duns bens e dereitos da súa propiedade polos que ten que recibir unha compensación económica. Se o expropiado non acepta o prezo ofrecido polo expropiante, non contesta a este, ou non é identificado, provoca de forma xeral que ese expediente expropiatorio no que está implicado sexa remitido ao XEG.

O habitual é que os expedientes de valoración que se reciben no Xurado veñan coas partes implicadas no procedemento expropiatorio (administración expropiante, beneficiario e expropiado) ben identificadas, de xeito que cando se acada un prezo xusto para un determinado expediente, envíase a oportuna resolución administrativa dende o Xurado de Expropiación de Galicia a todos os interesados no procedemento.


En ocasións, os expropiados titulares dun expediente figuran como descoñecidos. Nestes casos, a resolución administrativa de prezo xusto hai que remitila á fiscalía correspondente de cada provincia. O mesmo sucede no caso de que o expropiado teña unha titularidade coñecida, pero non así o seu enderezo, e non houberse posibilidade de notificarlle a resolución.

Amosamos deseguido datos relativos aos expropiados nos anos 2021 e 2022:

CADRO nº 10: Entrada de expedientes de valoración segundo a titularidade dos expropiados no XEG. Ano 2021

	NÚMERO	PORCENTAXE
Entrada de expedientes con titulares coñecidos con enderezo postal	1.568	91,59 %
Entrada de expedientes con titulares coñecidos sen enderezo postal	37	2,16 %
Entrada de expedientes con titulares descoñecidos sen nome e enderezo postal	107	6,25 %
TOTAL	1.712	100 %

GRÁFICO nº 18: Entrada de expedientes de valoración segundo a titularidade dos expropiados no XEG. Ano 2021



As cifras máis relevantes da xestión do XEG
5. Expropiados


CADRO nº 11: Entrada de expedientes de valoración segundo a titularidade dos expropiados no XEG. Ano 2022

	NÚMERO	PORCENTAXE
Entrada de expedientes con titulares coñecidos con enderezo postal	706	69,35 %
Entrada de expedientes con titulares coñecidos sen enderezo postal	175	17,19 %
Entrada de expedientes con titulares descoñecidos sen nome e enderezo postal	137	13,46 %
TOTAL	1.018	100 %

CADRO nº 12: Entrada de expedientes de valoración segundo a titularidade dos expropiados no XEG. Serie histórica 2006-2022


	NÚMERO	PORCENTAXE
Entrada de expedientes con titulares coñecidos con enderezo postal	44.811	81,30 %
Entrada de expedientes con titulares coñecidos sen enderezo postal	5.156	9,35 %
Entrada de expedientes con titulares descoñecidos sen nome e enderezo postal	5.149	9,35 %
TOTAL	55.116	100 %

GRÁFICO nº 19: Entrada de expedientes de valoración segundo a titularidade dos expropiados no XEG. Ano 2022



- Entradas expedientes con titulares coñecidos con enderezo postal
- Entradas expedientes con titulares coñecidos sen enderezo postal
- Entradas expedientes con titulares descoñecidos

GRÁFICO nº 20: Entrada de expedientes de valoración segundo a titularidade dos expropiados no XEG. Serie histórica 2006-2022



- Entradas expedientes con titulares coñecidos con enderezo postal
- Entradas expedientes con titulares coñecidos sen enderezo postal
- Entradas expedientes con titulares descoñecidos

As cifras máis relevantes da xestión do XEG

5. Expropiados

Con estes datos conclúese que nun 81,30 % dos casos os expropiados son coñecidos, polo que reciben a correspondente resolución de prezo xusto procedente do xurado. Nun 18,70% dos expedientes a resolución envíase á fiscalía da provincia correspondente, por non dispoñer o xurado do nome ou do enderezo do expropiado.

6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración

Analizando desde un punto de vista xeográfico provincial a procedencia dos expedientes que se reciben no XEG nos anos 2021 e 2022, vemos a continuación que no ano 2022, as provincias da Coruña e a de Pontevedra cun 44,70% e un 26,92% dos expedientes son as máis activas (no ano precedente 2021 foron a da Coruña cun 39,02% e a de Lugo 36,39%).


CADRO nº 13: Expedientes de valoración tramitados segundo a provincia de procedencia no XEG. Ano 2021

PROVINCIA	EXPEDIENTES	PORCENTAXE
A Coruña	668	39,02 %
Lugo	623	36,39 %
Ourense	23	1,34 %
Pontevedra	398	23,25 %
TOTAL	1.712	100 %


CADRO nº 14: Expedientes de valoración tramitados segundo a provincia de procedencia no XEG. Ano 2022

PROVINCIA	EXPEDIENTES	PORCENTAXE
A Coruña	455	44,70 %
Lugo	156	15,32 %
Ourense	133	13,06 %
Pontevedra	274	26,92 %
TOTAL	1.018	100 %

MAPA nº 1: Expedientes de valoración tramitados segundo a provincia de procedencia no XEG. Ano 2021



MAPA nº 2: Expedientes de valoración tramitados segundo a provincia de procedencia no XEG. Ano 2022



As cifras máis relevantes da xestión do XEG


6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración

Se facemos unha análise provincial no período da serie histórica 2006-2022 amósase de seguido que son as provincias de Pontevedra (35,45 %) e da Coruña (33,57 %) das que ata agora proceden máis expedientes tramitados polo Xurado.

CADRO nº 15: Expedientes de valoración tramitados segundo a provincia de procedencia no XEG. Serie histórica 2006-2022

PROVINCIA	EXPEDIENTES	PORCENTAXE
A Coruña	18.502	33,57 %
Lugo	11.272	20,45 %
Ourense	5.803	10,53 %
Pontevedra	19.539	35,45 %
TOTAL	55.116	100 %

MAPA nº 3: Expedientes de valoración tramitados segundo a provincia de procedencia no XEG. Serie histórica 2006-2022




As cifras máis relevantes da xestión do XEG
6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración

Na análise xeográfica por concellos para os anos 2021 e 2022, subliñamos só os datos máis significativos, debido a que son moi numerosos, e representámoslos nos seguintes mapas.

MAPA nº4: Entrada de expedientes de valoración ao XEG segundo a situación dos predios por concellos. Anos 2021-2022

(Solo se sinalan os datos máis significativos)



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración

Destacan en número de expedientes Ponteceso, Santiago de Compostela e O Saviñao, cos seguintes proxectos de expropiación:


CONCELLO	PROVINCIA	Nº PROXECTO	TÍTULO
Ponteceso	A Coruña	02072	Repotenciación Parque Eólico de Corme
Santiago	A Coruña	01771	Variante de Aradas
Santiago	A Coruña	01786	Ampliación e mellora CP-8203. Vedra-Ponte de Santa Lucía (PK 8,130 ao PK 10,370)
Santiago	A Coruña	02018	Ampliación e mellora da CP-7802 Roxos a Reborido (1ª FASE PK 0,393 a 2,260)
Santiago	A Coruña	02076	Ampliación e mellora da CP-7804 Val do Dubra a Santiago (P.K. 18,690 ao 22,223)
Santiago	A Coruña	01925	Fase I da Nova Estación Intermodal de Santiago de Compostela
Santiago	A Coruña	02147	Expropiación complementaria acceso Sur á Estación Intermodal. Rúa Clara Campoamor
Santiago	A Coruña	01966 e 02149	Mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago. Camiño Portugués-Conxo
Santiago	A Coruña	01944	Actuacións no Camiño Inglés. Cemiterio-Cruzamento de Meixonfrío
Santiago	A Coruña	02151	Mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago. Camiño Francés-Monte do Gozo
Santiago	A Coruña	01962	Mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago. Camiño Francés
Santiago	A Coruña	01725	Novo enlace coa Cidade da Cultura (PK 70,000 da AP-9)
O Saviñao	Lugo	02034	LAT 220KV Sub. Serra das Penas-Sub. Chantada

As cifras máis relevantes da xestión do XEG
6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración

Velaquí a serie histórica 2006-2022 por concellos:

MAPA nº5: Entrada de expedientes de valoración ao XEG segundo a situación dos predios por concellos. Serie histórica 2006-2022

(Solo se sinalan os datos máis significativos)



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración

Destacan en número de expedientes As Neves (PLISAN), Salvaterra de Miño (PLISAN), Pontevedra e Santiago de Compostela.

Como dato global dos 313 concellos que existen en Galicia, no Xurado de Expropiación de Galicia recibíronse expedientes con bens ou dereitos para a súa valoración situados en 300 concellos, o que supón un 95,85 % dos concellos de Galicia.

Os 13 concellos nos que non se iniciaron expedientes obxecto dunha determinación de prezo xusto por parte deste xurado son: A Capela, na provincia da Coruña; Arnoia, Baños de Molgas, Beade, Castrelo do Val, Entrimo, Laza, Lobeira, Manzaneda, Os Blancos, Pontedevea e Sarreaus, na provincia de Ourense; e Mondariz-Balneario, na provincia de Pontevedra. Na provincia de Lugo houbo expedientes de todos os concellos.


7. Contido dos expedientes recibidos no XEG

En función das características do proxecto expropiatorio condicionado en todos os casos polo tipo de obra ou actuación executada, as diferentes tipoloxías no ano 2022 coas que traballamos neste XEG foron as seguintes

CADRO nº16: Entrada de expedientes de valoración segundo a súa tipoloxía no XEG. Ano 2021

Liñas eléctricas	622	36,33 %
Redes viarias	600	35,05 %
Parques eólicos	415	24,24 %
Saneamento	24	1,40 %
SD	14	0,82 %
Dotacional espazos libres	7	0,41 %
Abastecemento de auga	6	0,35 %
Dotacional educativo	6	0,35 %
Dotacional sanitario	5	0,29 %
Solo empresarial	5	0,29 %
Dotacional asistencial	4	0,23 %
Acondicionamento contorno ríos	3	0,18 %
Solo residencial	1	0,06 %
TOTAL	1.712	100 %

GRÁFICO nº21: Entrada de expedientes de valoración segundo a súa tipoloxía no XEG. Ano 2021



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

7. Contido dos expedientes recibidos no XEG


CADRO nº17: Entrada de expedientes de valoración no XEG segundo a súa tipoloxía. Ano 2022

Redes viarias	606	59,53 %
Liñas eléctricas	252	24,75 %
Solo residencial	87	8,55 %
Parques eólicos	31	3,05 %
Sen determinar	11	1,08 %
Dotacional espazos libres	10	0,98 %
Saneamento	6	0,59 %
Abastecemento de auga	5	0,49 %
Solo empresarial	4	0,39 %
Dotacional educativo	4	0,39 %
Dotacional sanitarioa	1	0,10 %
Dotacional administrativo	1	0,10 %
TOTAL	1.018	100 %

No ano 2022 dos expedientes expropiatorios que tiveron entrada no XEG a maioría foron consecuencia da construción de redes viarias (autoestradas, estradas e camiños) cun 59,05 % con respecto ao total de expedientes; da implantación de liñas eléctricas cun 24,75 %, e as actuacións en solo residencial cun 8,54 %. Estes tipos supoñen máis do 91 % da totalidade dos expedientes tramitados.

Se analizamos o mesmo dato no período 2006-2022 observamos que os tipos de proxectos con maior peso foron os relativos a redes viarias co 59,76 %, o solo empresarial co 16,39 % (como sinalamos en apartados anteriores, aquí inflúe entre outras cousas o citado proxecto da Plataforma Industrial de Salvaterra-As Neves), as liñas eléctricas co 15,29 % e os parques eólicos co 2,20 %. Estes tipos supuxeron máis do 93 % do total.

GRÁFICO nº22: Entrada de expedientes de valoración segundo a súa tipoloxía no XEG. Ano 2022




As cifras máis relevantes da xestión do XEG

7. Contido dos expedientes recibidos no XEG

CADRO nº18: Entrada de expedientes de valoración no XEG segundo a súa tipoloxía. Serie histórica 2006-2022

Redes viarias	32.935	59,76 %
Solo empresarial	9.033	16,39 %
Liñas eléctricas	8.427	15,29 %
Parques eólicos	1.210	2,20 %
Aproveitamentos hidroeléctricos	444	0,81 %
Gasodutos	425	0,77 %
Saneamento	440	0,80 %
Solo residencial	412	0,75 %
Dotacional sanitario	286	0,52 %
Acondicionamento contorno ríos	260	0,47 %
SD	225	0,41 %
Dotacional espazos libres	210	0,38 %
Dotacional educativo	137	0,25 %
Abastecemento auga	105	0,19 %
Intervencións na costa	90	0,16 %
Dotacional cultural	87	0,16 %
Obras en portos	87	0,16 %
Dotacional deportivo	86	0,16 %
Seguridade ferroviaria	80	0,15 %
Mellora tratamento residuos	51	0,09 %
Dotacional administrativo	33	0,06 %
Concesións mineiras	24	0,04 %
Dotacional docente	21	0,04 %
Dotacional asistencial	8	0,01 %
TOTAL	55.116	100,00 %

GRÁFICO nº23: Entrada de expedientes de valoración no XEG segundo a súa tipoloxía. Serie histórica 2006-2022



8. Importes das valoracións

Neste apartado imos facer referencia aos expedientes de expropiación que foron resoltos polo xurado mediante a forma normal de terminación (resolución) ou por algunha outra forma de terminación especial. Ademais imos indicar os datos globalmente sen diferenciar entre expedientes de prezo xusto, reversión, compensación e execución de sentenza, para así facer menos tediosa a análise destes datos.

Importe segundo as partes interesadas

Segundo o establecido na normativa de valoracións o Pleno do XEG nas resolucións adoptadas de prezo xusto, debe seguir o criterio de que cando o valor unitario obtido polo XEG na fase de estudo, sexa menor que o indicado polo expropiante, a proposta do xurado será por este segundo importe e respectarase a proposta do expropiante. Pola contra se o valor unitario obtido polo XEG é maior que o indicado polo expropiado, a proposta será polo importe do expropiado. Deste xeito os prezos do expropiante e do expropiado constitúense nun solo e nun teito respectivamente para o prezo final fixado polo XEG.

Así se comparamos o prezo ofrecido polo expropiante, o proposto polo expropiado e o valorado finalmente polo XEG, pódese deducir que as valoracións realizadas polo Xurado respecto ás dos expropiantes son incrementadas desde a posta en marcha deste organismo nos importes indicados nos cadros e gráficos seguintes.

Estes resultados varían en función do tipo de expediente de valoración de que se trate, é dicir, se estamos ante un expediente de prezo xusto, un expediente de compensación ou ben un expediente de execución de sentenza.


O resultado das valoracións no ano 2022 en importe comparado, entre o ofrecido polo expropiante, o proposto polo expropiado e o valorado finalmente polo XEG, indica que as valoracións feitas polo xurado con respecto ás das administracións expropiantes se incrementaron en case 4,5 millóns de euros.

Así o prezo medio acadado polo xurado foi de 11.009,78 euros por expediente (3.856,78 euros máis de media por expediente con respecto ás administracións expropiantes).

CADRO nº 19: Suma das valoracións de expedientes tramitados polo XEG. Anos 2021-2022

ANO	Nº EXPTES.	IMPORTE EXPROPIANTE	IMPORTE XURADO	IMPORTE EXPROPIADO
2021	1.997	9.931.922,77 €	15.134.313,13 €	43.874.123,09 €
2022	1.159	8.290.331,13 €	12.760.335,76 €	29.696.658,92 €


GRÁFICO nº 24: Suma das valoracións de expedientes tramitados polo XEG. Ano 2021



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

8. Importes das valoracións

GRÁFICO nº25: Suma das valoracións de expedientes tramitados polo XEG. Ano 2022



CADRO nº20: Prezo medio dos expedientes tramitados polo XEG. Anos 2021-2022

ANO	Nº EXPTEs.	PRECIO MEDIO EXPROPIANTE	PRECIO MEDIO XURADO	PRECIO MEDIO EXPROPIADO
2021	1.997	4.973,42 €	7.578,52 €	21.970,02 €
2022	1.159	8.143,74 €	12.534,71 €	29.171,57 €

Así para o período 2006-2022 o XEG incrementou as valoracións dos expropiantes en case de 155 millóns de euros (un 35,92 % máis) e en 2.823,60 euros de media por expediente.


CADRO nº21: Desagregación das valoracións de expedientes tramitados polo XEG. Serie histórica 2006-2022

ANO	Nº EXPTEs.	IMPORTE EXPROPIANTE	IMPORTE XURADO	IMPORTE EXPROPIADO
2006	1.792	18.071.881,08 €	22.988.700,28 €	83.692.036,53 €
2007	8.201	34.810.732,59 €	54.237.944,95 €	172.050.434,58 €
2008	4.688	31.354.957,48 €	53.826.827,62 €	114.774.674,85 €
2009	3.777	40.927.497,69 €	51.539.243,88 €	167.834.253,72 €
2010	5.135	34.646.538,92 €	51.371.924,35 €	183.609.352,42 €
2011	5.301	84.853.749,95 €	86.577.450,89 €	243.176.509,79 €
2012	5.561	58.727.837,49 €	76.480.244,94 €	275.495.741,85 €
2013	5.709	28.825.273,09 €	40.648.157,83 €	186.970.541,26 €
2014	2.643	25.758.012,00 €	32.969.133,71 €	243.531.328,99 €
2015	2.283	14.627.024,02 €	28.079.201,12 €	89.075.836,36 €
2016	1.509	7.425.613,17 €	12.374.555,57 €	49.100.061,59 €
2017	1.166	9.731.950,04 €	12.092.628,01 €	31.919.015,74 €
2018	1.120	5.655.277,17 €	12.046.653,30 €	81.526.716,57 €
2019	1.122	3.313.168,50 €	5.122.610,78 €	17.443.921,52 €
2020	1.714	5.741.924,24 €	9.394.652,16 €	31.781.587,29 €
2021	1.997	9.931.922,77 €	15.134.313,13 €	43.874.123,09 €
2022	1.159	8.290.331,13 €	12.760.335,76 €	29.696.658,92 €
TOTAL	54.877	422.693.691,33 €	577.644.578,28 €	2.045.552.795,07 €

As cifras máis relevantes da xestión do XEG
8. Importes das valoracións

GRÁFICO nº26: Suma das valoracións dos expedientes tramitados polo XEG. Serie histórica 2006-2022

Hai que sinalar que algúns expedientes non chegan a ser valorados. Son aqueles que entran no xurado e teñen unha forma de finalización distinta a unha resolución de prezo xusto, é dicir, inadmisións, terminacións especiais e mutuos acordos.



CADRO nº22: Prezo medio dos expedientes tramitados polo XEG. Serie histórica 2006-2022

Nº EXPTEs.	PRECIO MEDIO EXPROPIANTE	PRECIO MEDIO XURADO	PRECIO MEDIO EXPROPIADO
54.877	7.702,57 €	10.526,17 €	37.275,23 €

As cifras máis relevantes da xestión do XEG

8. Importes das valoracións

Intervalos de valoracións

Neste apartado agrupamos os datos das valoracións en función dunha escala de menor a maior que abrangue intervalos nos que situamos os expedientes en función da valoración acadada polo XEG. Ao igual que no capítulo anterior temos en conta só os expedientes que foron tramitados polo xurado.


Analizando os intervalos de valoración dos expedientes que se tramitaron no ano 2022 vemos que o 79,72 % dos expedientes foron de valores de ata 5.000 euros, o cal da unha idea das pequenas propiedades que en Galicia son obxecto de valoración por parte do XEG

Dos expedientes ata 10.000 euros, houbo unha diminución con respecto ao ano 2021. Así no ano 2022 foron un 85,41 % fronte ao 92,64 % do ano 2021.

CADRO nº23: Intervalos de valores dos expedientes tramitados polo XEG. Ano 2021

INTERVALO	Nº EXPTEs.	PORCENTAXE
De 0 a 1.000	1.199	60,04 %
De 1.000 a 5.000	528	26,44 %
De 5.000 a 10.000	123	6,16 %
De 10.000 a 50.000	112	5,61 %
De 50.000 a 150.000	13	0,65 %
De 150.000 a 500.000	5	0,25 %
De 500.000 a 1.000.000	6	0,30 %
Desde 1.000.000	2	0,10 %
Sen valoración	9	0,45 %
TOTAL	1.997	100,00 %

GRÁFICO nº27: Intervalos de valores dos expedientes tramitados polo XEG. Ano 2021




As cifras máis relevantes da xestión do XEG
8. Importes das valoracións

CADRO nº24: Intervalos de valores dos expedientes tramitados polo XEG. Ano 2022

INTERVALO	Nº EXPTEs.	PORCENTAXE
De 0 a 1.000	656	56,60 %
De 1.000 a 5.000	268	23,12 %
De 5.000 a 10.000	66	5,69 %
De 10.000 a 50.000	109	9,40 %
De 50.000 a 150.000	38	3,28 %
De 150.000 a 500.000	16	1,38 %
De 500.000 a 1.000.000	0	0,00 %
Desde 1.000.000	2	0,17 %
Sen valoración	4	0,35 %
TOTAL	1.159	100,00 %

GRÁFICO nº28: Intervalos de valores dos expedientes tramitados polo XEG. Ano 2022



Os resultados do período 2006-2022 amosan un 69,92 % de expedientes cun importe de valoración de ata 5.000 euros e dun 79,48 % de expedientes cun importe de valoración de ata 10.000 euros. Como curiosidade podemos indicar que o XEG valorou 43 expedientes de expropiación de máis de 1 millón de euros e 577 expedientes de máis de 150.000 euros.


As cifras máis relevantes da xestión do XEG

8. Importes das valoracións

CADRO nº25: Intervalos de valores dos expedientes tramitados polo XEG. Serie histórica 2006-2022

INTERVALO	Nº EXPTEs.	PORCENTAXE
De 0 a 1.000	22.021	40,13 %
De 1.000 a 5.000	16.349	29,79 %
De 5.000 a 10.000	5.248	9,56 %
De 10.000 a 50.000	5.989	10,91 %
De 50.000 a 150.000	1.230	2,24 %
De 150.000 a 500.000	446	0,81 %
De 500.000 a 1.000.000	88	0,16 %
Desde 1.000.000	43	0,08 %
Sen valoración	3.463	6,31 %
TOTAL	54.877	100,00 %

GRÁFICO nº29: Intervalos de valores dos expedientes tramitados polo XEG. Serie histórica 2006-2022



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

8. Importes das valoracións

Se nos referimos aos expedientes que acadaron un maior importe, amósanse exemplos ilustrativos por cada provincia das valoracións máis altas realizadas polo XEG nos anos 2021 e 2022, e indícase tamén o concello, o proxecto expropiatorio e o importe de valoración en euros.

CADRO nº26: Maiores valoracións dos expedientes tramitados polo XEG. Ano 2021

PROVINCIA	CONCELLO	PROXECTO	VALORACIÓN
A Coruña	A Coruña	Ministerio da lei relativo a parcela catastral 9102034NJ4090S0001MX (Miramar Castrillon SL) no Concello da Coruña	2.016.866,01 €
Lugo	Lugo	Ministerio de lei na Rúa Xerman Alonso nº 14 do Concello de Lugo	95.359,13 €
Ourense	Ourense	Ministerio de lei expropiacion da finca Acevedo no barrio da Cruz Alta. TM Ourense	1.834.367,17 €
Pontevedra	Pontevedra	Bens e dereitos que se precisan ocupar para a execucion do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para ampliacion do Hospital Gran Montecelo	993.661,76 €

CADRO nº27: Maiores valoracións dos expedientes tramitados polo XEG. Ano 2022

PROVINCIA	CONCELLO	PROXECTO	VALORACIÓN
A Coruña	Miño	R-D Perbes-Vilanova. TM Miño	374.066,28 €
Lugo	Lugo	Ministerio da lei da finca catastral 9009001PH1690N0001AJ no Concello de Lugo	1.967.396,70 €
Ourense	Ourense	Ministerio da lei na Rúa Ervedelo e outras no Concello de Ourense	1.547.688,62 €
Pontevedra	Vigo	1ª fase do sistema xeral SX/EQ-DC/C05/1 Cidade da Xustiza. Exp 240/413. TM Vigo	457.385,52 €

As cifras máis relevantes da xestión do XEG

8. Importes das valoracións

Do mesmo xeito, e referíndonos aos expedientes de maior importe, como exemplo, indicamos por cada provincia as valoracións máis altas realizadas polo XEG para o período 2006-2022, e indícase tamén o concello, o proxecto expropiatorio e o importe de valoración en euros:

CADRO nº28: Maiores valoracións dos expedientes tramitados polo XEG. Serie histórica 2006-2022


PROVINCIA	CONCELLO	PROXECTO	VALORACIÓN
A Coruña	A Coruña	Reversión predios sector 10 Parque Ofimático PXOM da Coruña	4.705.123,19 €
Lugo	Lugo	Antigo cárcere do partido xudicial de Lugo	2.485.023,86 €
Ourense	Ourense	Ministerio de lei expropiación da finca Acevedo no barrio da Cruz Alta. TM Ourense	1.834.367,17 €
Pontevedra	Mos	Parque empresarial de Mos	4.414.868,94 €

Importe segundo o tipo de proxecto

Cando analizamos os datos dispoñibles que se refiren aos proxectos de diferentes tipoloxías e os intervalos de importes nos que se desenvolven durante a vida do xurado nos anos 2006-2022, facémolo de acordo cos mapas que se amosan a continuación:


Importes inferiores a 1.000€: son proxectos de pequenas liñas eléctricas distribuídas por toda Galicia, aínda que predominan as provincias da Coruña e de Pontevedra. Tamén se inclúen proxectos de redes viarias en todas as provincias e parques eólicos das provincias de Lugo e de Pontevedra.

MAPA nº6: Tipo de proxectos en importes entre 0 e 1.000€




MAPA nº7: Tipo de proxectos en importes entre 1.000 e 5.000€

Entre 1.000 e 5.000€: multiplícanse os proxectos de pequenas liñas eléctricas por toda Galicia, así como tamén os proxectos de redes viarias en todas as provincias. Aparecen 8 proxectos de parques eólicos nas provincias da Coruña e de Lugo, e solos empresariais de Pontevedra.




MAPA nº8: Tipo de proxectos en importes entre 5.000 e 10.000€

Entre 5.000 e 10.000€: neste treito de importes, atopamos numerosos proxectos de liñas eléctricas que se sitúan en todas as provincias. Hai varios parques eólicos distribuídos pola provincia da Coruña e de Lugo e redes viarias en todas as provincias.




MAPA nº9: Tipo de proxectos en importes entre 10.000 e 50.000€

Entre 10.000 e 50.000€: neste treito de importes, atopamos numerosos proxectos de redes viarias en todas as provincias. Hai varios parques eólicos por todas as provincias e proxectos de solo empresarial nas da Coruña e de Lugo.




MAPA nº 10: Tipo de proxectos en importes entre 50.000 e 150.000€

Entre 50.000 e 150.000€: xa subindo os importes ata 150.000 euros, atopámonos con proxectos de redes viarias situados principalmente nas provincias da Coruña, de Lugo e de Pontevedra. Diminúen os proxectos de liñas eléctricas e afloran os parques eólicos, así como varios proxectos de solo empresarial nas provincias da Coruña, de Lugo e de Ourense.



MAPA nº 11: Tipo de proxectos en importes entre 150.000 e 500.000€

Entre 150.000 e 500.000€: nestes importes de ata 500.000 euros predominan os proxectos de redes viarias por toda Galicia, así como parques eólicos na provincia de Lugo.




MAPA nº 12: Tipo de proxectos en importes entre 500.000 e 1.000.000€

Entre 500.000 e 1.000.000€: son proxectos de redes viarias principalmente, e algúns de solo residencial e de solo empresarial, fundamentalmente na provincia da Coruña, de Lugo e de Pontevedra.


Lenda:
Proxectos 2006-2022
con valoración XEG >500.000,00 € e <=1.000.000,00 €

- ✓ Dotacional
- ⚡ Liñas eléctricas
- ◇ Outros
- ▣ Solo empresarial
- Solo residencial
- Redes viarias



MAPA nº 13: Tipo de proxectos en importes de máis de 1.000.000€

Máis de 1.000.000 euros: neste último treito, existen varios proxectos de redes viarias, de solo empresarial, de uso dotacional e de solo residencial distribuídos por toda Galicia.



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

8. Importes das valoracións

Importes medios de valoracións por concello

Como en anos precedentes, elaborouse un informe por concellos, onde se amosan os datos correspondentes aos importes medios de valoración dos prezos xustos acadados nos plenos celebrados no Xurado de Expropiación de Galicia. Os últimos realizados foron dos anos 2021 e 2022.

Os prezos ou importes medios figuran desagregados. Diferénciase o solo rural e o solo urbanizado e dentro do solo rural, faise a distinción entre solo de carácter forestal e solo agrícola, e de solo de núcleo rural e solo urbano nos solos urbanizados.

Os informes de valoracións de solo por concello dos plenos dos anos 2021 e 2022 inclúense como anexo I a este informe de actividade, onde se poden apreciar os importes medios acadados nos distintos concellos:

- **En solo rural:** para o ano 2021 os importes medios máis altos que se acadaron foron de 8,87€/m² en solo forestal (Concello de Arteixo) e de 21,17€/m² en solo agrícola (Concello de Culleredo) e para o ano 2022 os importes medios máis altos que se acadaron foron de 6,54€/m² en solo forestal (Concello de Oza-Cesuras) e de 32,14€/m² en solo agrícola (Concello de Tui).
- **En solo urbanizado:** para o ano 2021 acadáronse importes máximos de ata 104,62€/m² en núcleo rural (Concello de Poio) e de 2.863,03€/m² en urbano (Concello de Pontevedra) e para o ano 2022 acadáronse importes máximos de ata 120,27€/m² en núcleo rural (Concello de Nigrán) e de 1.692,82€/m² en urbano (Concello de Ourense).

9. Superficies de solo dos expedientes valorados

O ben expropiado máis común e representativo dos valorados polo XEG é o solo, que é a superficie da que se ve privada calquera propietario expropiado polo correspondente proxecto de expropiación. Tamén son destacables as superficies expropiadas por servidumes de voo, que son aquelas afectadas pola instalación dunha liña eléctrica e que transcorren en altura entre poste e poste.

Outro tipo de bens valorables son as servidumes de paso, as servidumes subterráneas, as ocupacións temporais, as árbores, as plantacións etc.

Así nos anos 2021 e 2022 o XEG valorou en canto ao solo expedientes de expropiación con superficies que acadaron case os 600.000m² e 475.000m² de superficie de voo.

CADRO nº29: Superficies dos expedientes segundo solo e voo. Anos 2019-2020

ANO	SUPERFICIE SOLO (m ²)	SUPERFICIE VOO (m ²)
2021	287.958	369.823
2022	297.526	104.763

GRÁFICO nº30: Superficies dos expedientes segundo solo e voo con entrada no XEG. Ano 2021





GRÁFICO nº31: Superficies dos expedientes segundo solo e voo con entrada no XEG. Ano 2022



Destes datos despréndese que no ano 2022 cambiou a tendencia con respecto ao ano anterior, pois o XEG valorou expedientes de expropiación que acumularon superficies de solo de 297.526m² e 104.763m² de superficies de voo (no ano 2021 as superficies foron de 288.000m² de solo e máis de 369.000m² de voo). Isto significa que neste ano 2022 as superficies de voo diminuíron significativamente con respecto ao ano anterior. Hai que sinalar que as superficies de voo son as valoradas por mor da instalación de liñas eléctricas e de parques eólicos, proxectos que neste ano 2022 foron moi escasos con respecto aos anos precedentes.

As cifras máis relevantes da xestión do XEG


9. Superficies de solo dos expedientes valorados

Se observamos no seguinte cadro a serie histórica 2006-2022, vemos que as superficies de solo valoradas superan os 35 millóns de m² e as de voo alcanzaron case os 6 millóns de m²

CADRO nº30: Superficies dos expedientes segundo solo e voo con entrada no XEG. Serien histórica anos 2006-2022

ANO	SUPERFICIE SOLO (m ²)	SUPERFICIE VOO (m ²)
2006	6.952.929	468.413
2007	5.080.579	283.636
2008	4.304.785	805.725
2009	3.746.608	1.005.052
2010	4.903.104	373.832
2011	2.482.587	190.530
2012	1.295.861	622.485
2013	568.920	361.079
2014	2.043.928	194.088
2015	927.488	244.698
2016	351.100	57.211
2017	574.189	336.266
2018	432.575	58.702
2019	784.219	137.511
2020	547.490	159.744
2021	289.958	369.823
2022	297.526	104.763
TOTAL	35.581.847	5.773.558

GRÁFICO nº32: Superficies dos expedientes segundo solo e voo con entrada no XEG. Serie histórica 2006-2022



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

9. Superficies de solo dos expedientes valorados

Se examinamos unicamente o solo por ser a variable máis importante, no ano 2022 no XEG valorouse un 40 % de superficie urbana e un 60 % de superficie rústica (no ano 2021 estas cifras eran dun 17,98 % dos m² de “superficie urbana” e dun 81,92 % dos m² de “superficie rústica”), polo que vemos que neste ano 2022 a porcentaxe de superficie de rústica valorada foi moi inferior a de anos precedentes, moi posiblemente pola moratoria dos parques eólicos, que fixoo que se recibiran no xurado menos expedientes dese tipo.

CADRO nº31: Superficies en función do tipo de solo dos expedientes con entrada no XEG. Anos 2021-2022

ANO	SUPERFICIE URBANA (m ²)	SUPERFICIE RÚSTICA (m ²)	SUPERFICIE INDUSTRIAL (m ²)
2021	51.775	235.899	284
2022	118.361	179.164	0

GRÁFICO nº33: Superficies en función do tipo de solo dos expedientes con entrada no XEG. Ano 2021





GRÁFICO nº34: Superficies en función do tipo de solo dos expedientes con entrada no XEG. Ano 2022



As cifras máis relevantes da xestión do XEG


9. Superficies de solo dos expedientes valorados

Na serie histórica 2006-2022, vemos que a porcentaxe de superficie rústica é dun 62,75 %, fronte a un 37,24 % de urbana, o cal comparado cos datos dos dous últimos anos (71 % e 29 %, respectivamente) reflicte que globalmente as expropiacións en solo rústico teñen máis relevancia.

CADRO nº32: Superficies en función do tipo de solo dos expedientes con entrada no XEG. Serie histórica 2006-2022

ANO	SUPERFICIE URBANA (m ²)	SUPERFICIE RÚSTICA (m ²)	SUPERFICIE INDUSTRIAL (m ²)
2006	4.456.674	2.495.650	605
2007	1.354.143	3.726.436	0
2008	2.120.337	2.184.448	0
2009	782.579	2.964.029	0
2010	1.841.724	3.061.380	0
2011	700.027	1.782.560	0
2012	142.140	1.153.721	0
2013	190.220	378.515	185
2014	1.036.024	1.007.904	0
2015	34.626	890.773	2.089
2016	48.783	302.317	0
2017	32.123	542.066	0
2018	66.137	366.438	0
2019	176.495	607.723	0
2020	52.627	494.864	0
2021	51.785	235.889	284
2022	118.361	179.164	0
TOTAL	13.211.341	22.367.325	3.163

GRÁFICO nº35: Superficies en función do tipo de solo dos expedientes con entrada no XEG. Serie histórica 2006-2022




As cifras máis relevantes da xestión do XEG

9. Superficies de solo dos expedientes valorados

Caso concreto das superficies agrícolas e forestais en solos de natureza rústica

Para ver o peso que teñen as superficies agrícolas e forestais amosáanse os seguintes gráficos onde se representan tanto o número de expedientes como as superficies implicadas:

GRÁFICO nº36: Comparativa superficies agrícola vs forestal en solos de natureza rústica por ano de entrada




Como vimos nos parágrafos anteriores a superficie en solo rústico valorada ten menos peso no ano 2022 que en anos anteriores.

Centrándonos na superficie rústica valorada, pódese apreciar que a superficie agrícola que no 2021 supoñía un 51 % das superficies valoradas, descende 10 puntos porcentuais no ano 2022 no que acadou a cifra dun 41 %.

Se falamos da superficie forestal valorada vemos que no 2021 acadaba a cifra dun 49 % e que no ano 2022 sube 10 puntos pasando a ser dun 59 %.

GRÁFICO nº37: Comparativa superficies agrícola vs forestal en solos de natureza rústica. Serie histórica 2018-2022



Se atendemos á serie histórica dos últimos 5 anos a superficie agrícola supón un 48 % fronte a un 52 % de superficie forestal, sendo maior o número de expedientes nos que se valora superficie agrícola fronte aos de superficie forestal.

10. Outras tramitacións do XEG

1. Recursos de reposición

Unha vez que o Pleno do XEG adopta os acordos de valoración das pezas que compoñen un proxecto, notifícaselles mediante unha resolución a todas as partes interesadas (expropiado, administración expropiante e beneficiario, de ser o caso). Contra esta resolución do XEG, existe a posibilidade de que os interesados no procedemento presenten un recurso de reposición, no prazo dun mes desde a notificación da resolución.

Nos seguintes cadros e gráficos reflíctese o volume de recursos de reposición que se tramitaron neste organismo nos anos 2021 e 2022.

CADRO nº33: Recursos de reposición. Ano 2021-2022

ANO	ENTRADA	TRAMITADOS
2021	95	122
2022	152	161

GRÁFICO nº38: Recursos de reposición. Ano 2021



CADRO nº34: Sentido recursos de reposición. Ano 2021

ANO	DESESTIMADOS	ESTIMADOS	ESTIMADOS PARCIALMENTE	INADMITIDOS (FÓRA PRAZO)
2021	94	3	1	24

GRÁFICO nº39: Recursos de reposición. Ano 2022



CADRO nº35: Sentido recursos de reposición. Ano 2022

ANO	DESESTIMADOS	ESTIMADOS	INADMITIDOS (FÓRA PRAZO)
2022	143	0	18

As cifras máis relevantes da xestión do XEG


10. Outras tramitacións do XEG

En canto ao período 2006-2022, recibíronse 7.555 recursos de reposición:

CADRO nº36: Recursos de reposición. Serie histórica 2006-2022

ANO	ENTRADA	TRAMITADOS
2006	192	107
2007	2.058	721
2008	727	2.042
2009	701	379
2010	466	767
2011	472	476
2012	937	621
2013	496	867
2014	312	372
2015	368	285
2016	155	215
2017	172	163
2018	62	101
2019	87	60
2020	103	88
2021	95	122
2022	152	161
TOTAL	7.555	7.547

GRÁFICO nº40: Recursos de reposición. Serie histórica 2006-2022



As cifras máis relevantes da xestión do XEG

10. Outras tramitacións do XEG

2. Remisión de documentación ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Nos seguintes cadros e gráficos reflectimos as peticións de remisión de expedientes completos solicitados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación cos recursos contencioso-administrativos presentados polas partes interesadas no procedemento.

Nos anos 2021 e 2022 recibíronse no XEG peticións do TSXG para 394 expedientes contenciosos (muy superior ao período anterior 2019-2020, no que se recibiron 107 solicitudes). Isto foi principalmente debido a numerosos contenciosos orixinados polos expedientes expropiatorios da PLISAN, tanto de peticións de información orixinal como de información complementaria.

CADRO nº37: Solicitudes e remisión ao TSXG. Totais Anos 2021-2022 (solicitudes iniciais)

ANO	ENTRADA	TRAMITADOS
2021	320	320
2022	74	74

CADRO nº38: Solicitudes e remisión ao TSXG. Anos 2021-2022 (solicitudes iniciais e complementarias)

ANO	ENTRADA	TRAMITADOS
2021	328	328
2022	300	300

GRÁFICO nº41: Solicitudes e remisión ao TSXG. Solicitudes iniciais ano 2021



GRÁFICO nº42: Solicitudes e remisión ao TSXG. Solicitudes iniciais ano 2022



GRÁFICO nº43: Solicitudes e remisión ao TSXG. Solicitudes iniciais e complementarias. Ano 2021



GRÁFICO nº44: Solicitudes e remisión ao TSXG. Solicitudes iniciais e complementarias. Ano 2022



As cifras máis relevantes da xestión do XEG


10. Outras tramitacións do XEG

Para o período 2006-2022 recibíronse no XEG 12.368 solicitudes iniciais de petición de documentación.

CADRO nº39: Solicitudes e remisión ao TSXG. Serie histórica 2006-2022 (solicitudes iniciais)

ANO	ENTRADA	TRAMITADOS
2006	2	0
2007	353	150
2008	3.368	1.244
2009	2.417	3.776
2010	670	1.598
2011	1.006	661
2012	1.078	1.273
2013	1.565	1.713
2014	811	853
2015	238	240
2016	228	215
2017	54	66
2018	83	82
2019	75	76
2020	26	27
2021	320	320
2022	74	74
TOTAL	12.368	12.368

GRÁFICO nº45: Solicitudes e remisión ao TSXG. Serie histórica 2006-2022 (solicitudes iniciais)




As cifras máis relevantes da xestión do XEG

10. Outras tramitacións do XEG

CADRO nº40: Solicitudes e remisión ao TSXG. Serie histórica 2006-2022 (solicitudes iniciais e complementarias)

ANO	ENTRADA	TRAMITADOS
2006	2	0
2007	353	150
2008	3.372	1.246
2009	2.435	3.974
2010	734	1.677
2011	1.439	1.079
2012	1.179	1.379
2013	1.950	2.081
2014	894	951
2015	265	266
2016	278	265
2017	56	69
2018	89	86
2019	78	80
2020	32	33
2021	328	328
2022	300	300
TOTAL	13.784	13.784

GRÁFICO nº46: Solicitudes e remisión ao TSXG. Serie histórica 2006-2022 (solicitudes iniciais e complementarias)





Aspectos destacables dos anos 2021 e 2022

No ano 2021 valoráronse no XEG 484 expedientes dun mesmo proxecto, o “P-01959 - PLISAN Inclusión de bens e dereitos dos recursos mineiros e valoración do solo de núcleo rural por sentenzas do TSXG”, que se recibiron a finais do ano 2020. É polo que aínda que non estén reflectidos nos expedientes que entraron no XEG no ano 2021, sí que están valorados en plenos que se celebraron no xurado nese ano 2021.

No ano 2022 abondaron os ministerios de lei con respecto a outros anos.

Caducidade dos expedientes xestionados

Os expedientes de determinación de prezo xusto que se xestionan neste xurado, teñen un prazo de 6 meses para a súa resolución dende a data na que o expediente se considera que está completo.

Ata o ano 2019 moitos dos expedientes que se resolvían nos plenos do XEG estaban xa caducados por ter pasado o prazo para a súa resolución. Este prazo antes do ano 2018 era de 3 meses para resolver pasando a ser de 6 meses a partir dese ano.

Isto provocaba que se presentaran reclamacións de intereses de mora por parte dos expropiados por ter resolto o XEG fora de prazo os expedientes, cousa que dende o ano 2019 no que se restableceu a normalidade nas resolucións en prazo, fai que xa non se presenten apenas reclamacións de xuros de mora.


Caducidade dos expedientes xestionados

CADRO nº41: Caducidade entrada expedientes no XEG. Ano 2021

MES	DATA PLENO	EXPEDIENTES POR PLENO	EXPEDIENTES TOTAIS PLENOS	EXPEDIENTES QUE FORON A PLENO CADUCADOS
Xaneiro	28/01	67	67	0
Febreiro	25/02	62	62	0
Marzo	25/03	587	587	0
Abril	29/04	161	161	0
Maio	27/05	125	125	0
Xuño	24/06	40	40	0
Xullo	22/07	34	34	0
Agosto				
Setembro	23/09	151	151	0
Outubro	21/10	142	142	0
Novembro	18/11	256	256	0
Decembro	16/12	364	364	0
TOTAL		1.989	1.989	0

No ano 2021 houbo 1.989 expedientes levados a pleno e 8 finalizados por inadmisión, que totalizan 1.997 expedientes tramitados no ano 2021 sen que ningún estivera xa caducado no momento de resolvelo.

GRÁFICO nº47: Caducidade entrada expedientes. Ano 2021




CADRO nº42: Caducidade entrada expedientes. Ano 2022

MES	DATA PLENO	EXPEDIENTES POR PLENO	EXPEDIENTES TOTAIS PLENOS	EXPEDIENTES QUE FORON A PLENO CADUCADOS
Xaneiro	27/01	104	104	0
Febreiro	23/02	59	59	0
Marzo	24/03	116	116	0
Abril	28/04	241	241	0
Maio				
Xuño	02/06	135	135	0
	30/06	66	66	0
Xullo	28/07	77	77	0
Agosto				
Setembro	29/09	75	75	0
Outubro	27/10	59	59	0
Novembro	24/11	142	142	0
Decembro	22/12	82	82	0
TOTAL		1.156	1.156	0

No ano 2022 houbo 1.156 expedientes levados a pleno e 3 finalizados por inadmisión, que totalizan 1.159 expedientes tramitados no ano 2022 sen que ningún estivera xa caducado no momento de resolvelo.


GRÁFICO nº48: Caducidade entrada expedientes. Ano 2022



Caducidade dos expedientes xestionados

Como xa se comentou máis arriba e pode observarse no seguinte gráfico, a situación dos expedientes que se levaban aos plenos e estaban caducados, foi diminuindo paulatinamente ata chegar no ano 2019 á cifra de 0, cifra que segue a conservarse á data actual.

GRÁFICO nº49: Comparativa expedientes totais e caducados levados ao Pleno. Anos 2016 a 2022



Resumo dos datos

Esta publicación “IV Informe de actividade do Xurado de Expropiación de Galicia 2006-2022” inclúe os datos de xestión dos anos 2021 e 2022, consolidando así a serie histórica de datos 2006-2022.

A continuación, cítanse os temas que se consideran relevantes desde que o Xurado de Expropiación de Galicia botou a andar no ano 2006 ata a actualidade, e coméntanse algúns feitos que mudaron o seu comportamento nos últimos anos 2021 e 2022 con respecto ao comportamento anterior.

Entrada de expedientes para valorar no Xurado:

No ano 2022 recibíronse no XEG 1.018 expedientes para valorar, tramitándose en total 1.159 expedientes.

Na serie histórica 2006-2022 obsérvase unha tendencia lixeiramente á baixa, cando comparamos co ano 2021 (nese ano 2021 entraron no XEG en total 1.712 expedientes, dos que 500 eran da PLISAN, que entraron dun xeito extraordinario no XEG por mor dunha sentenza xudicial que obrigaba a unha nova valoración dos dereitos mineiros), e tramitáronse 1.997 expedientes.

O total de expedientes que entraron dende o comezo da actividade do XEG ata o ano 2022, para a súa valoración foron 55.116 expedientes que forman parte de 2.197 proxectos de expropiación, polo que a ratio de expedientes por proxecto (ou pezas a valorar/proxecto) arroxa una cifra de 25,08 expedientes/proxecto. Ata o ano 2022 tramitáronse 54.877 expedientes.

A media da serie histórica 2006-2002 de entrada de expedientes no XEG, sitúase en 3.242 expedientes ao ano.

Tipo de expedientes:

Neste epígrafe hai que diferenciar entre expedientes propiamente ditos de prezo xusto (ordinarios, urxentes, de taxación conxunta, ministerios de lei e retaxacións) dos de reversión, compensación e execución de sentenza.

Os expedientes de prezo xusto supoñen un 100 % dos expedientes para o ano 2022 e un 98,68 % para o período 2006-2022; polo que os de reversión, compensación e execución de sentenza, teñen un carácter residual.

Dos expedientes propiamente ditos podemos subliñar que para o ano 2022 máis do 85 % pertencen ao procedemento urxente (o ano anterior este porcentaxe era dun 96 %) e case un 11 % pertencen ao procedemento de taxación conxunta. Mentres que para o período 2006-2022 o 76,84 % pertencen ao procedemento urxente e máis do 18 % ao de taxación conxunta.

Por Administracións expropiantes:

Para o ano 2022, as cifras de expedientes recibidos para a súa valoración amosan que nun 66,11 % dos expedientes a administración expropiante foi a Xunta de Galicia e un 33,89 as corporacións locais (o ano anterior foron un 86,97 %, e un 13,03 % respectivamente).

A cifra para o período 2006-2022 foi dun 84,16 % e dun 15,83 % (no período 2006-2021 foron do 84,55 % e dun 15,45 % respectivamente).

Neste ano 2022 a entrada de expedientes da Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación diminuíu moito sendo éstos 283 (un 27 % do total) fronte aos 1.037 do ano 2021. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade aporta

Resumo dos datos

ao ano 2022, 389 expedientes que suponen un 38,21 % do total da entrada de expedientes.

De forma xeral e por orde de importancia podemos subliñar que os expropiantes máis relevantes son a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade; seguida da Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Deputación da Coruña dentro das administración locais.

Por beneficiarios:

Se temos en conta a relación Expropiante/Beneficiario podemos sinalar o seguinte:

Cando o expropiante foi a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade foi a propia consellería a que aparece máis veces como beneficiaria cun 61,71 % dos casos; logo estaría o ente composto pola Autoridade Portuaria de Vigo-Zona Franca-Outro cun 18,73 % dos casos; de seguido aparecerían as empresas concesionarias de estradas cun 11,42 % dos casos; e por último outras entidades empresariais.

Cando o expropiante foi a Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación, ésta non é nunca beneficiaria das expropiacións, xa que son na totalidade dos casos empresas privadas relacionadas co sector eléctrico (destacando Unión Fenosa con case un 60 % dos expedientes), para execución de liñas eléctricas e parques eólicos.

Cando os expropiantes foron as deputacións provinciais a beneficiaria coincide na mesma deputación case o 100 % dos casos.

Cando os expropiantes foron os concellos os beneficiarios adoitán a ser os propios concellos (70,79 % dos expedientes) e o resto son entidades varias como promotores, entidades empresariais, comunidades de propietarios, xuntas de compensación, etc.

Distribución xeográfica dos expedientes valorados:

No ano 2022, analizando dende un punto de vista xeográfico provincial a procedencia dos expedientes que se reciben no XEG, vemos que as provincias da Coruña e de Pontevedra cun

44,70 % e un 26,92 % dos expedientes foron as máis activas (no ano precedente 2021 foron a da Coruña cun 39,02 % e a de Lugo 36,39 %).

Durante o período 2006-2022 foron as provincias de Pontevedra (35,45 %) e da Coruña (33,57 %) das que ata agora procederon máis expedientes a tramitar polo xurado.

Tipos de superficies valoradas:

